Un contrato de arrendamento definirémolo como financeiro cando das condicións económicas do contrato se transfiran aos arrendatarios substancialmente tódolos riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Nos arrendamentos con opción de compra, cando non existan dúbidas razoables de que exercitaremos dita opción.

Aínda que non exista opción de compra, presumirase a transferencia substancial de riscos e beneficios nos seguintes casos:

- Cando a propiedade do activo se transfira ao arrendatario ao finalizar o prazo de arrendamento
  - Cando o período de aluguer coincida ou cubra a maior parte da vida do activo
  - Cando ao inicio do contrato o valor actual das cantidades a pagar equivallan á práctica totalidade do valor razoable do activo.
  - Cando as características dos activos arrendados fagan que a súa utilidade quede restrinxida ao arrendatario
  - Cando o arrendatario poida cancelar o contrato de arrendamento, pero asuma as perdas sufridas polo arrendador a causa de tal cancelación
  - Cando as perdas ou ganancias derivadas das fluctuacións do valor razoable do importe residual recaian sobre o arrendatario
  - Cando o arrendatario poida prorrogar o arrendamento cuns pagos substancialmente inferiores aos habituais do mercado.
- O criterio de contabilización do arrendatario, levarase a cabo coas seguintes regras:
- O activo o contabilizamos, segundo a súa natureza, como inmovilizado material ou, no seu caso, como intanxible
  - O activo e a débeda contabilizarase polo menor de:
    - O valor razoable do activo arrendado
    - O valor actual dos pagos durante a opción de compra se non hai dúbidas razoables do seu exercicio e excluíndo:
  - As contas de carácter continxente (os pagos por arrendamento cuxo importe non sexa fixo senón que dependa da evolución dunha variable) e que será gasto do exercicio no que se produzan
  - O custe dos servicios e impostos repercutibles polo arrendador
  - Os gastos directos iniciais (posta a punto) imputarase como maior valor do activo.

- A carga financeira non se activará, senón que imputarase a gastos a través do tipo efectivo
- O criterio de contabilización do arrendador, levarase a cabo coas seguintes regras:
- No activo recoñeceremos un crédito polo importe do valor actual dos cobros futuros
  - A diferenza entre o crédito contabilizado e a cantidade total a cobrar corresponderá a intereses non devindicados e imputarase a resultados segundo se devindiquen, de acordo co tipo de interese efectivo.

Un contrato de arrendamento operativo é aquel que non ten carácter de arrendamento financeiro.

- Como arrendatario contabilizamos como un gasto do exercicio tódalas cotas devindicadas.
- Como arrendador contabilizamos o activo como un inmovilizado que amortizamos na súa vida útil e os ingresos do contrato os contabilizaremos como un ingreso do exercicio.

#### 4.6. Permutas

Consideramos permuta de carácter comercial aquela na que a configuración (risco, calendario e importe) dos fluxos de efectivo do inmovilizado recibido difira da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado, ou

O valor actual dos fluxos de efectivo despois de impostos das actividades da entidade afectadas pola permuta, se vexa modificado como consecuencia da operación.

Sendo necesario que calquera das diferenzas xurdidas polas anteriores causas, resulte significativa ao comparala co valor razoable dos activos intercambiados.

Nas operacións de permuta de carácter comercial, o inmovilizado material recibido valorarase polo valor razoable do activo entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se houberan entregado a cambio, salvo que se teña unha evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido e co límite deste último. As diferenzas de valoración que puideran xurdir ao dar de baixa o elemento entregado a cambio terán como contrapartida a Conta de Resultados.

Presumirase non comercial toda permuta de activos da mesma natureza e uso para a entidade.

Cando a permuta non ten carácter comercial ou cando non poida obterse unha estimación fiable do valor razoable dos elementos que interveñen na operación, o inmovilizado material recibido valorarase polo valor contable do ben entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que se entregaran a cambio, co límite, cando estea dispoñible, do valor razoable do inmovilizado recibido se este é menor.

#### 4.7. Instrumentos financeiros

##### a) Activos financeiros

Os activos financeiros rexístranse inicialmente ao seu custe de adquisición, incluíndo os custes inherentes á operación. A entidade clasifica os seus investimentos financeiros, xa sexan estas correntes ou non correntes, nas seguintes categorías:

- Préstamos e partidas a cobrar. Aqueles activos financeiros orixinados pola entidade na venda de bens e a prestación de servicios por operacións de tráfico da entidade. Os activos incluídos nesta categoría son valorados no momento do seu recoñecemento no balance ao seu valor razoable, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os gastos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles, sendo posteriormente valorados ao seu custe amortizado utilizando a taxa de interese efectivo.
- Os créditos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual, incluídos os créditos coas administracións públicas. Valóranse polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.
- A entidade rexistra as correspondentes provisións pola diferenza existente entre o importe que se estima recuperar das contas a cobrar, descontando este ao tipo de interese efectivo orixinal da operación, e o valor dos libros polo que se atopan rexistradas.

Un activo financeiro darase de baixa cando expire ou se cederan os dereitos contractuais sobre os fluxos de efectivo do mesmo (cesión dun crédito), sendo requisito fundamental a cesión substancial de riscos e beneficios.

Cando non se transfire nin se reteñen os riscos e beneficios, se se transfire o control dáse de baixa o activo e se non se transfire o control recoñécese un activo polo compromiso continuo e un pasivo asociado.

Os intereses (explícitos e implícitos) e os dividendos de activos financeiros que se devindiquen con posterioridade ao momento da adquisición considéranse ingresos na Conta de Resultados.

##### b) Pasivos financeiros

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración, xa sexan estes correntes ou non correntes, clasificaranse nas seguintes categorías:

- Débitos e partidas a pagar: Aqueles débitos por operacións comerciais ou non comerciais de compra de bens e servicios por parte da entidade (provedores, acredores, efectos comerciais a

pagar, provedores de inmovilizado, efectos a pagar, débedas a longo e curto prazo). Valóranse inicialmente polo seu valor razoable que é o prezo da transacción, máis os gastos atribuíbles.

- Os débitos comerciais con vencemento non superior a un ano, e que non teñen un tipo de interese contractual (incluídos os débitos coas administración públicas): valoraranse polo seu valor nominal, é dicir sen distinguir nominal e intereses, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.
- Posteriormente valóranse polo custe amortizado, seguindo o tipo de interese efectivo.
- Os gastos financeiros contabilízanse segundo o criterio de devindicación na conta de resultados utilizando o método do interese efectivo e se engaden o importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Non reclasificamos ningún pasivo financeiro incluído inicialmente nas categorías de mantidos para negociar ou a valor razoable con cambios en Perdas e Ganancias a outras categorías, nin de estas a aquelas.

Os pasivos financeiros danse de baixa cando a obriga se extingue ou se produce un intercambio de instrumentos de débeda entre prestamista e prestatario. Neste derradeiro caso se os instrumentos teñen condicións substancialmente distintas dáse de baixa o pasivo orixinal e dáse de alta o novo; e se os instrumentos non teñen condicións substancialmente diferentes o pasivo financeiro orixinal non se dá de baixa e se calcula un tipo de interese efectivo coas novas condicións. Entendemos por condicións substancialmente diferentes cando o valor actual dos fluxos de efectivo do novo pasivo é diferente polo menos nun 10% ao valor actual dos fluxos de efectivo procedentes do pasivo orixinal, actualizados ambos ao tipo de interese efectivo do pasivo orixinal.

#### 4.8 Existencias.

Os bens e servicios comprendidos nas existencias valoraranse polo prezo da adquisición.

Cando o valor neto realizable das existencias sexa inferior ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, efectuaranse as oportunas correccións valorativas.

Se as circunstancias que causaron a corrección do valor das existencias deixaran de existir, o importe da corrección será obxecto de reversión.

#### 4.9 Transaccións en moeda estranxeira.

Toda transacción en moeda estranxeira converterase a moeda funcional, neste caso o euro, mediante a aplicación ao importe en moeda estranxeira, do tipo medio de cambio, e do tipo de cambio utilizado nas transaccións con entrega inmediata, entre ambas moedas, na data da transacción.

Poderase utilizar un tipo de cambio medio do período para tódalas transaccións que teñan lugar durante ese intervalo, en cada unha das clases de moeda estranxeira en que estas se realizaran, salvo que dito tipo sufrira variacións significativas durante o intervalo de tempo considerado.

A valoración posterior das partidas monetarias será aplicando o tipo de cambio existente nesa data. As diferenzas de cambio que se orixinen neste proceso, así como as que se produzan ao liquidar ditos elementos patrimoniais, recoñeceranse na Conta de Resultados do exercicio no que xurdan.

A valoración posterior das partidas non monetarias valoradas a custe histórico será aplicando o tipo de cambio de data en que foron rexistradas. Cando se deba determinar o patrimonio neto dunha entidade participada corrixido, no seu caso, polas plusvalías tácitas existentes na data de valoración, aplicarase o tipo de cambio de peche ao patrimonio neto e ás plusvalías tácitas existentes a esa data.

#### **4.10 Imposto sobre beneficios.**

O gasto polo imposto corrente determínase mediante a suma do gasto por importe corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravamen vixente á ganancia fiscal e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas ao exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadeiros e recuperables no futuro e que deriven da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravamen ao que se espera recuperarlos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos nacen como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécense ao correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impositivas, agás que a diferenza veña do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial dunha transacción que non é unha combinación de negocios de outros activos e pasivos nunha operación que, no momento da súa realización, non afecta nin ao resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que sexa probable que a Entidade teña no futuro beneficios fiscais suficientes para facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial e outros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal



nin ao contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativa e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Entidade vaia a ter no futuro suficientes beneficios para poder facelos efectivos.

Con cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados co obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións aos mesmo, no caso de que se xa preciso.

O gasto e o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación de pasivos e activos por imposto diferido, así como, no seu caso polo recoñecemento e imputación á conta de resultados do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización das deducións e outros incentivos fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

O réxime fiscal do Imposto sobre Sociedades aplicada á Fundación derívase da aplicación do Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e o seu desenvolvemento regulamentario exposto no Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

#### **4.11 Ingresos e gastos.**

Os ingresos procedentes da venta de bens e da prestación de servizos será valorada polo valor razoable da contrapartida, recibido ou pendente de recibir, derivada dos mesmo, que salvo evidencia en contrario, será o prezo acordado para ditos bens e servizos, deducindo: o importe de calquera desconto, rebaixa no prezo e similares, así como os intereses incorporados ó nominal dos créditos.

Os impostos que gravan as operacións de venta de bens e prestación de servizos que a entidade debe repercutir a terceiros como o IVE e os impostos especiais, así como as cantidades recibidas por conta de terceiros, non formarán parte dos ingresos.

Cando existan dúbidas relativas ó cobro dun importe previamente recoñecido como ingreso por venta ou prestación de servizos, a cantidade estimada como de improbable cobro será rexistrada como un gasto por corrección de valor por deterioro ou menor ingreso.

Ingresos por vendas: Contabilizaranse os ingresos procedentes da venta de bens cando se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) A entidade transferiu ó comprador os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade dos bens, con independencia da súa transmisión xurídica. Presumírase que

non se produciu esa transferencia, cando o comprador teña o dereito de vender os bens á entidade, e cando esta teña a obriga de recompralos polo prezo de venda inicial máis a os intereses normais que obtería un prestamista.

- b) A entidade non mantén a xestión corrente dos bens vendidos, nin retén o control efectivo dos mesmos.
- c) O importe dos ingresos pode valorarse con fiabilidade.
- d) Existe a probabilidade que a entidade reciba os beneficios ou rendementos económicos derivados da transacción, e
- e) Os costes incorridos ou a incorrer na transacción poden ser valorados con fiabilidade

Ingresos por prestación de servicios: Recoñeceranse cando o resultade da transacción poida ser estimado con fiabilidade, considerando a porcentaxe de realización do servicio na data de peche do exercicio. Contabilízanse cando se cumpran todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) O importe dos ingresos valorase con fiabilidade.
- b) A entidade recibe os beneficios ou rendementos económicos derivados da transacción.
- c) O grado de realización da transacción na data de peche do exercicio, e valorado con fiabilidade, e
- d) Os custes xa incorridos na prestación, así como os que quedan por incorrer ata completala, son valorados con fiabilidade.

A entidade revisa e, se é necesario, modifica as estimacións do ingreso por recibir, a medida que o servicio se vai prestando. A necesidade de tales revisións non indica que o desenlace ou resultado da operación non sexa estimado con fiabilidade.

Cando o resultado dunha transacción que implica a prestación de servicios non pode estimarse de forma fiable, recoñécense ingresos, só na contía en que os gastos recoñecidos se consideran recuperables.

#### 4.12 Provisión e continxencias.

A entidade recoñece como provisións os pasivos que cobren obrigas presentes á data do balance xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais, pero cuxo importe e momento da súa cancelación son indeterminados.

As provisións valóranse na data de peche do exercicio, polo valor actual da mellor estimación posible do importe necesario para cancelar ou transferir a un terceiro a obriga, rexistrándose os axustes que xurdan pola actualización da provisión como un gasto financeiro conforme se vaian devindicando.

A entidade dota provisións cuxo vencemento, estimamos que, é inferior ou igual a un ano, e o efecto financeiro consideramos que non é significativo, polo que non consideramos necesario dotar ningún tipo de desconto.

A entidade reconece pasivos continxentes, obrigas posibles xurdidas de sucesos pasados, cuxa materialización está condicionada a que ocorra, ou non, un ou máis sucesos futuros independentes da vontade da propia entidade.

#### **4.13 Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal.**

Agás no caso de causa xustificada, as entidades veñen obrigadas a indemnizar aos seus empregados cando cesan nos seus servizos.

Ante a ausencia de calquera necesidade previsible de terminación anormal do emprego e dado que non reciben indemnizacións aqueles empregados que se xubilan ou cesan voluntariamente nos seus servizos, os pagos por indemnizacións, cando xorden, cárganse a gastos no momento en que se toma a decisión de efectuar despedimento.

#### **4.14 Elementos patrimoniais de natureza ambiental.**

Os custos nos que a entidade incorra pola adquisición de sistemas e instalación cuxo obxecto sexa a eliminación, limitación ou o control dos posibles impactos que puidera ocasionar o normal desenvolvemento da actividade sobre o medio ambiente considerárase investimentos en inmovilizado.

O resto de gastos relacionados co medio ambiente consideráranse gastos do exercicio.

As provisións de natureza medio ambiental recollerán, no seu caso, aqueles gastos medio ambientais que á data de peche sexan probables ou certos pero indeterminados en canto ao seu importe exacto ou á data en que se producirán. En consecuencia, o importe de ditas provisións, no seu caso, corresponderá á mellor estimación posible que se poida realizar en función da información dispoñible á data de peche.

A Fundación non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e continxencias de natureza medio ambiental que puideran ser significativos en relación ao patrimonio, a situación financeira e aos resultados do mesmo.

Polo tanto, non se estiman continxencias relacionadas coa protección e mellora do medio ambiente e non é necesario dotar provisións destinadas a actuacións medio ambientais.

#### 4.15 Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables son ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e se recoñecen na Conta de Resultados de forma sistemática e correlacionada cos gastos derivados da subvención, doazón do legado. Mentres que as subvencións reintegrables serán pasivos ata que se convertan en non reintegrables (polo cumprimento das condicións establecidas para a concesión ou cando non existan dúbidas razoables sobre o cumprimento futuro, nin sobre a recepción).

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valorámolas polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben ou servizo recibido, sempre que o valor razoable do citado ben ou servizo poida determinarse de maneira fiable.

A imputación a resultados realizase atendendo á finalidade da concesión. En tódolos casos o tratamento é o mesmo sexa a subvención monetaria ou en especie. As concedidas sen finalidade específica impúntanse como ingresos dos exercicio de concesión.

As correccións valorativas por deterioro de elementos na parte que foran financiados gratuitamente, consideraranse de natureza irreversible.

#### 4.16. Clasificación dos activos e pasivos entre corrente e non corrente.

No balance axunto, os saldos se clasifican en non corrente e corrente. Os correntes comprenden aqueles saldos que a Fundación espera vender, consumir, desembolsar ou realizar no transcurso do ciclo normal de explotación (doce meses). Aqueles outros que non corresponden con esta clasificación, se consideran non correntes.

#### 4.17. Liquidación do Plan de Actuación.

O Plan de Actuación incluído no orzamento da Fundación correspondente ao exercicio 2023, elaborouse seguindo o Principio de Devindicado, segundo establece a Lei 50/2022, do 26 de decembro, de Fundacións, desenvolva polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, de maneira que os ingresos e gastos recóllense en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

### **III.5 Inmobilizado material**

A análise do movemento comparativo do exercicio 2022 e 2023 do inmovilizado material, durante o exercicio e das súas correspondentes amortizacións acumuladas, amósase na seguinte táboa:

**EXERCICIO 2023**

22

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Instalacións técnicas inicio 2022</b>	<b>2.067,76</b>	<b>-224,01</b>	<b>1.843,75</b>
Entradas	0	-206,78	-206,78
Saídas	0	0	0
<b>Instalacións técnicas fin 2022</b>	<b>2.067,76</b>	<b>-430,79</b>	<b>1.636,97</b>
<b>Instalacións técnicas inicio 2023</b>	<b>2.067,76</b>	<b>-430,79</b>	<b>1.636,97</b>
Entradas	0,00	-206,78	-206,78
Saídas	0	0	0
<b>Instalacións técnicas fin 2023</b>	<b>2.067,76</b>	<b>-637,57</b>	<b>1.430,19</b>

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Maquinaria inicio 2022</b>	<b>7.495,95</b>	<b>-172,58</b>	<b>7.323,37</b>
Regularización	471,9	0	471,9
Entradas	4.621,24	-1.141,63	3.479,61
Saídas			
<b>Maquinaria fin 2022</b>	<b>12.589,09</b>	<b>-1.314,21</b>	<b>11.274,88</b>
<b>Maquinaria inicio 2023</b>	<b>12.589,09</b>	<b>-1.314,21</b>	<b>11.274,88</b>
Entradas	1.296,38	-1.527,16	-230,78
Saídas	0	0	0,00
<b>Maquinaria fin 2023</b>	<b>13.885,47</b>	<b>-2.841,37</b>	<b>11.044,10</b>

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Utilexe inicio 2022</b>	<b>35.632,29</b>	<b>-2.388,59</b>	<b>33.243,70</b>
Regularización	-471,9	0	-471,9
Entradas	1.101,81	-8.915,47	-7.813,66
Saídas	0	0	0
<b>Utilexe fin 2022</b>	<b>36.262,20</b>	<b>-11.304,06</b>	<b>24.958,14</b>
<b>Utilexe inicio 2023</b>	<b>36.262,20</b>	<b>-11.304,06</b>	<b>24.958,14</b>
Entradas	105,47	-9.094,07	-8.988,60
Saídas	0	0	0
<b>Utilexe fin 2023</b>	<b>36.367,67</b>	<b>-20.398,13</b>	<b>15.969,54</b>

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Mobiliario inicio 2022</b>	<b>3.755,60</b>	<b>-3.615,32</b>	<b>140,28</b>
Entradas	0	-98,99	-98,99
Saídas	0	0	0
<b>Mobiliario fin 2022</b>	<b>3.755,60</b>	<b>-3.714,31</b>	<b>41,29</b>
<b>Mobiliario inicio 2023</b>	<b>3.755,60</b>	<b>-3.714,31</b>	<b>41,29</b>
Entradas	19.042,85	-1.380,06	17662,79
Saídas	0	0	0
<b>Mobiliario fin 2023</b>	<b>22.798,45</b>	<b>-5.094,37</b>	<b>17.704,08</b>

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Importe neto
<b>Equipo de información inicio 2022</b>	<b>10.532,31</b>	<b>-8.363,97</b>	<b>2.168,34</b>
Entradas	260,15	-582,93	-322,78
Saídas	0	0	0
<b>Equipo de información fin 2022</b>	<b>10.792,46</b>	<b>-8.946,90</b>	<b>1.845,56</b>
<b>Equipo de información inicio 2023</b>	<b>10.792,46</b>	<b>-8.946,90</b>	<b>1.845,56</b>
Entradas	8.447,21	-2.144,24	6.302,97
Saídas	0	0	0
<b>Equipo de información fin 2023</b>	<b>19.239,67</b>	<b>-11.091,14</b>	<b>8.148,53</b>

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Outro inmovilizado material inicio 2022</b>	<b>3.714,73</b>	<b>-354,48</b>	<b>3.360,25</b>
Entradas	0	-764,55	-764,55
Saídas	0	0	0
<b>Outro inmovilizado material fin 2022</b>	<b>3.714,73</b>	<b>-1.119,03</b>	<b>2.595,70</b>
<b>Outro inmovilizado material inicio 2023</b>	<b>3.714,73</b>	<b>-1.119,03</b>	<b>2.595,70</b>
Entradas	553,20	-899,48	-346,28
Saídas	0	0	0
<b>Outro inmovilizado material fin 2023</b>	<b>4.267,93</b>	<b>-2.018,51</b>	<b>2.249,42</b>

O total do inmovilizado material está afecto á actividade.

Os coeficientes da amortización por grupos de elementos son os que se recollen no apartado correspondente da norma de rexistro e valoración.

Durante o exercicio non se producen cambios de estimación que afecten a valores residuais, aos custos estimados de desmantelamento, retiro ou rehabilitación, e métodos de amortización. Así mesmo a entidade estima que os bens de inmovilizado material non están deteriorados polo que non se recoñece ningunha perda por deterioro ao peche do exercicio.

A entidade non posúe investimentos en inmovilizado material situadas fóra do territorio español, nin posúe bens afectos a garantía nin reversión

Non existen compromisos firmes de compra ni fontes previsibles de financiamento en relación con inmovilizado material, así como tampouco compromisos firmes de venda.

Non existe ningún litixio, nin embargos ou situacións análogas sobre os bens do inmovilizado material.

Durante o exercicio 2022 producíronse altas no inmovilizado por importe de 16.248,84 euros correspondentes principalmente ao equipamento e maquinaria para a prestación do encargo de xestión do servizo de limpeza e aplicacións informáticas e desenvolvemento de solucións para a nova páxina web da entidade.

Durante o exercicio 2023 producíronse altas no inmovilizado por importe de 42.413,87 euros correspondentes principalmente ao equipamento e ferramentas, mobiliario, maquinaria e aplicacións informáticas e licencias de software para a xestión da entidade. As altas neste exercicio de equipamento, ferramentas e maquinaria foron destinadas ao encargo do servizo de limpeza de edificios e locais fundamentalmente. As altas de aplicacións informáticas e licenzas foron destinadas para a xestión ordinaria da entidade. As altas de mobiliario foron destinadas á nova sede da entidade que mudou de sede social no ano 2023. Por último as altas en equipos para procesos de información foron destinadas fundamentalmente aos encargos de xestión formalizados en febreiro do ano 2023.

### **III.6 Bens do Patrimonio Histórico**

A entidade non posúe bens do Patrimonio Histórico.

### **III.7. Investimentos inmobiliarios**

A Fundación non posúe inmobles coa finalidade de obter rendas (por arrendamento ou cesión), plusvalías (por alleamento) ou ambas.

### **III.8 Inmobilizado intanxible**

A análise do movemento comparativo do exercicio 2022 e 2023 do inmovilizado intanxible, durante o exercicio e das súas correspondentes amortizacións acumuladas, amósase na seguinte táboa:

Concepto	Importe Bruto	Amortización Acumulada	Saldo
<b>Aplicacións informáticas (web) inicio 2022</b>	<b>3.864,69</b>	<b>-3.743,61</b>	<b>121,08</b>
<b>Entradas</b>	10.265,64	-1.845,74	8.419,90
<b>Saídas</b>	0	0	0
<b>Aplicacións informáticas (web) fin 2022</b>	<b>14.130,33</b>	<b>-5.589,35</b>	<b>8.540,98</b>
<b>Aplicacións informáticas (web) inicio 2023</b>	<b>14.130,33</b>	<b>-5.589,35</b>	<b>8.540,98</b>
<b>Entradas</b>	12.968,76	-3.755,93	9.212,83
<b>Saídas</b>	0	0	0
<b>Aplicacións informáticas (web) fin 2023</b>	<b>27.099,09</b>	<b>-9.345,28</b>	<b>17.753,81</b>

Os coeficientes de amortización por grupos de elementos son os que se recollen no apartado correspondente da norma de rexistro e valoración.

### **III 9 Arrendamentos e outras operacións de natureza similar.**

Arrendamentos financeiros: a entidade non posúe arrendamentos financeiros dos que sexa arrendataria.

Arrendamentos operativos nos que a entidade é arrendataria: a entidade ten vixente a 31/12/2023 un contrato de arrendamento sen opción de compra de vehículos con vencemento 31 de decembro de 2024. Por outra banda, tamén conta con arrendamento dunha solución informática para o mantemento de equipos de reprografía con vencementos a 31 de decembro de 2023 e por importe total de 2.964,67 euros.

Non posúe arrendamentos desta natureza como arrendador.

### **III.10 Instrumentos financeiros**

#### **10.1 Activos financeiros**

A desagregación dos activos financeiros é o seguinte:



Categorías	Clases					
	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		Total	
	Créditos derivados Outros		Créditos derivados Outros			
	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Activos financeiros mantidos para negociar	-	-	-	-	-	-
Activos financeiros a coste amortizado	-	-	1.916.603,28	2.135.060,80	1.916.603,28	2.135.060,80
Activos financeiros a coste	-	-				
<b>Importe Total</b>	-	-	<b>1.916.603,28</b>	<b>2.135.060,80</b>	<b>1.916.603,28</b>	<b>2.135.060,80</b>

A entidade non ten instrumentos financeiros de patrimonio nin valores representativos de débeda.  
A entidade carece de activos financeiros a longo prazo.

## 10.2 Debedores comerciais e outras contas a cobrar.

O importe de debedores comerciais e outras contas a cobrar detállase no seguinte cadro:

	Inicio 2023	Entradas	Saídas	Fin 2023
<b>CREDITOS POR OPERACIÓN COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A COBRAR</b>	<b>1.280.451,65</b>	<b>8.586.357,22</b>	<b>-9.253.528,53</b>	<b>613.280,34</b>
<b>SUBV. DEPUTACION DA CORUÑA PENDENTE</b>	<b>6.000,00</b>	7.600,00	-6.000,00	<b>7.600,00</b>
<b>SUBV. CONCELLO DE SANTIAGO PENDENTE</b>	<b>9.000,00</b>	9.000,00	-9.000,00	<b>9.000,00</b>
<b>Importe Total</b>	<b>1.295.451,65</b>	8.602.957,22	-9.268.528,53	<b>629.880,34</b>

### 10.3 Outros activos financeiros

O detalle do epígrafe V do activo corrente do balance de situación é como sigue:

	Periodificación seguros
<b>Debedores inicio 2022</b>	<b>1.546,90</b>
Entradas	-
Saídas	
<b>Debedores fin 2022</b>	<b>1.546,90</b>
<b>Debedores inicio 2023</b>	<b>1.546,90</b>
Entradas	1.920,36
Saídas	-1.546,90
<b>Debedores fin 2023</b>	<b>1.920,36</b>

Nos meses de setembro e outubro de 2023 rexístrase contablemente a periodificación de gastos correspondentes ás pólizas de seguro de accidentes de diferentes convenios colectivos imputables ao exercicio 2024.

### 10.4 Tesourería.

O importe total correspóndese coa seguinte desagregación, tanto dos movementos en efectivo como dos saldos bancarios:

	Caixa 024	Caixa 026	Caixa Tenda	Caixa Casa Europa	Caixa Tenda Museo	Importe Total
<b>Saldo fin 2022</b>	<b>276,72</b>	<b>96,16</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>372,88</b>
Entradas	18.963,24	10.077,54	24.720,42	918,70	22.980,60	77.660,50
Saídas	-18.976,89	-10.055,35	-24.352,82	-823,33	-21.483,30	-75.691,69
<b>Saldo fin 2023</b>	<b>263,07</b>	<b>118,35</b>	<b>367,60</b>	<b>95,37</b>	<b>1.497,30</b>	<b>2.341,69</b>

	Abanca **0932	Abanca **3598	Abanca **1211	Abanca **3621	Abanca **3580	Caixa Rural **4920	Importe Total
<b>Saldo fin 2022</b>	<b>563.949,00</b>	<b>10.379,61</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1.059,75</b>	<b>43.843,49</b>	<b>619.231,85</b>
Entradas	10.975.097,09	2.268.396,86	84.992,19	704.105,32	404.148,83	41.505,91	14.478.246,20
Saídas	-10.479.864,56	-2.177.012,99	-83.598,41	-456.324,75	-358.301,34	-42.296,32	-13.597.398,37
<b>Saldo fin 2023</b>	<b>1.059.181,53</b>	<b>101.763,48</b>	<b>1.393,78</b>	<b>247.780,57</b>	<b>46.907,24</b>	<b>43.053,08</b>	<b>1.500.079,68</b>

Neste exercicio económico, a incorporación do encargo de xestión do servizo de Proxección Institucional e Imaxe por parte da Universidade de Santiago de Compostela, formalizado con data 27 de febreiro de 2023, xera un movemento de efectivo que se reflicte nas contas contables 570/3 “Caixa Tenda Fonseca” correspondente á Tenda de Fonseca (situada na Praza do Obradoiro), na 570/4 “CaixaTenda Museo Domus Lugo” correspondente ao museo Domus (situado en Lugo) e na 570/5 “Caixa Casa Europa”, correspondente ao aloxamentos de Casa Europa (situada no parque Vista Alegre).

### 10.5 Outro tipo de información.

A Fundación non ten compromisos firmes de compra de valores negociables, non ten créditos outorgados polos que poda recibir garantías e non ten subscrito ningún contrato de arrendamento financeiro.

### 10.6 Información sobre a natureza e o nivel de risco procedente de instrumentos financeiros.

A xestión do risco está controlada polo departamento financeiro. Os principais riscos financeiros indícanse a continuación:

Risco de crédito: A entidade non ten risco de crédito derivado das operacións realizadas xa que a maior parte das débedas proveñen dos encargos de xestión e de subvencións de administracións públicas que non supoñen risco significativo en canto a súa certeza de cobro. Ademais a entidade establece políticas para asegurar que as relacións comerciais se efectúan con clientes con historial de crédito adecuado.

Risco de liquidez: A entidade leva a cabo unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo e elaborando seguimentos de tesourería con carácter mensual. Nestes momentos é á vista dos recursos líquidos existentes na entidade o risco de liquidez é practicamente nulo.

Risco de xuro: Os fluxos de efectivo das actividades de explotación son, na súa maior parte, independentes respecto ás variacións dos xuros do mercado. Asemade, non se dispón de activos cuxo valor puidera verse afectado de forma relevante por variacións dos xuros.

O risco de tipo de mercado: o risco de mercado non existe por non dispoñer a entidade de financiamento alleo.

### **III.11 Usuarios e outros debedores da actividade propia**

O importe dos usuarios e outros debedores da actividade propia detállase no seguinte cadro:

	<b>Inicio 2023</b>	Entradas	Saídas	<b>Fin 2023</b>
<b>Universidade de Santiago de Compostela</b>	<b>1.278.125,71</b>	7.946.717,06	-8.796.875,62	<b>427.967,15</b>
<b>Importe Total</b>	<b>1.278.125,71</b>	<b>7.946.717,06</b>	<b>-8.796.875,62</b>	<b>427.967,15</b>

Este saldo das contas de usuarios debedores refírense aos movementos cos clientes propios aos que a Entidade lles oferta os seus servicios recollidos nos Estatutos, e que principalmente é a Universidade de Santiago de Compostela posto que a Fundación é medio propio personificado da mesma e xestiona encargos de xestión que esta formaliza.

Non existen continxencias con ningún destes debedores, nin dúbida sobre cobro da débeda que se producirá no próximo exercicio posto que ademais son entidades do sector público o que minora o risco de morosidade.

### **III.12 Fondos propios**

#### **12.1 Fondos propios**

O epígrafe “Dotación Fundacional” recolle a dotación inicial achegada pola Universidade de Santiago de Compostela que no momento da constitución foi de 30.000,00 euros, os cales foron desembolsados en metálico, polo que non existen elementos patrimoniais que forman parte da dotación fundacional. Tampouco existen bens ou dereitos vencellados directamente ao cumprimento don fins propios.

Segundo se indica nos estatutos da Fundación, en caso de extinción da mesma, os bens e dereitos resultantes da liquidación pasarán a destinaranse á Universidade de Santiago de Compostela.

A continuación detállase o movemento habido no epígrafe A1) do pasivo do balance. A variación do movemento dos Fondos Propios é principalmente pola aplicación dos excedentes da Fundación:

	<b>Dotación Fundacional</b>	<b>Excedente de ejercicios anteriores</b>	<b>Excedente do exercicio</b>	<b>Importe Fondos Propios</b>
<b>Saldo fin 2022</b>	<b>30.000,00</b>	<b>340.611,23</b>	<b>800.187,66</b>	<b>1.170.798,89</b>
Entradas	0	800.004,35	-8.950,23	791.054,12
Saídas	0	0	-800.187,66	-800.187,66
<b>Saldo fin 2023</b>	<b>30.000,00</b>	<b>1.140.615,58</b>	<b>-8.950,23</b>	<b>1.161.665,35</b>

## 12.2 Excedentes dos exercicios

Os excedentes obtidos ó longo da vida da entidade foron aplicados a partidas de reservas e excedentes de exercicios anteriores. Polo tanto o patrimonio neto a data de peche de este exercicio se desagrega como se recolle a continuación:

<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
Fondos propios	30.000,00
Excedentes de exercicios anteriores	0,43
Excedente de exercicio 2008 (negativo)	-13.187,54
Excedente do exercicio 2009 (negativo)	-15.865,61
Excedente do exercicio 2010 (positivo)	108,76
Excedente do exercicio 2011 (positivo)	3.503,47
Excedente do exercicio 2012 (positivo)	23.183,01
Excedente do exercicio 2013 (positivo)	5.168,24
Excedente do exercicio 2014 (negativo)	-9.630,06
Excedente do exercicio 2015 (positivo)	2.662,49
Excedente do exercicio 2016 (positivo)	49.222,75
Excedente do exercicio 2017 (positivo)	2.755,50
Excedente do exercicio 2018 (negativo)	-17.838,11
Excedente do exercicio 2019 (negativo)	-5.818,89
Excedente do exercicio 2020 (positivo)	76.418,28
Excedente do exercicio 2021 (positivo)	239.928,51
Excedente do exercicio 2022 (positivo)	800.187,66
Excedente de exercicio 2023 (negativo)	-8.950,23
Axustes ao resultado de periodos anteriores	-183,31
<b>Total</b>	<b>1.161.665,35</b>

“No exercicio 2023 rectificouse a conta de “facturas pendentes de recibir”, conta 4009\_0, correspondente ás facturas do provedor “Distrisantiago Papelería” debido a que non se tivo en conta o gasto correspondente ao ive non deducible pola aplicación da prorrata. Con esta corrección de 183,31

euros, axustamos en contrapartida a conta 120\_0 de “Remanente”, ao carecer de reservas contra ás que facer este axuste. Deste xeito queda afectada nesa contía a partida III do balance “Excedentes de exercicios anteriores” do exercicio 2023, feito que temos que ter en conta á hora de determinar o Patrimonio Neto da Fundación, xa que se ve afectado no seu cálculo”.

### 12.3 Pasivos financeiros

A desagregación dos pasivos financeiros é o seguinte:

Categorías	Clases					
	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		Total	
	Derivados/Outros		Derivados/Outros			
	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Pasivos financeiros a coste amortizado			802.762,85	1.090.132,64	802.762,85	1.090.132,64
Pasivos financeiros mantidos para negociar						
<b>Importe Total</b>			<b>802.762,85</b>	<b>1.090.132,64</b>	<b>802.762,85</b>	<b>1.090.132,64</b>

A entidade ten débedas con entidades de crédito, non habéndoas de obrigas ou valores negociables. As outras débedas divídense no seguinte modo:

	Vencemento en anos						TOTAL
	1	2	3	4	5	Máis de 5	
Débedas con entidades de crédito	869,54						869,54
Acredores por arrendamento financeiro							
Outras débedas	3.175,92						3.175,92
Débedas con entidades do grupo e asociadas							
Acredores comerciais non correntes							
Acredores comerciais e outras contas a pagar	1.086.087,18						1.086.087,18
Provedores	71.305,05						71.305,05
Outros acredores	1.014.782,13						1.014.782,13
Débeda con características especiais							
<b>TOTAL</b>	<b>1.090.132,64</b>						<b>1.090.132,64</b>

